



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Dirección Xeral de Obras Públicas
Subdirección Xeral de Estradas

ASUNTO: ORDE/CIRCULAR 1/99. TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE SOLICITUDES DE OBRAS POR TERCEIROS NAS AUTOESTRADAS DA XUNTA DE GALICIA EN RÉXIME DE CONCESIÓN.

Co obxectivo de homoxeneiza-los procedementos da xestión que correspondan á Administración, no referente á tramitación de expedientes de solicitudes de obras por terceiros nas autoestradas de titularidade autonómica explotadas en réxime de concesión administrativa, recolléronse os pasos a seguir na tramitación deste tipo de expedientes, que serán de obrigado cumprimento a partires da presente data.

1.- Recepción da solicitude no Servicio Provincial de Estradas coa finalidade de que se proceda a incluíla no seu rexistro de datos.

O solicitante poderá dirixila ós Servicios Centrais da Consellería, á Delegación da Xunta de Galicia nas sociedades concesionarias de autoestradas galegas de peaxe, ás Delegacións Provinciais ou a calquera outro órgano da Administración segundo o disposto pola Lei 30/92 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

2.- O Servicio Provincial de Estradas recabará o informe da sociedade concesionaria (preceptivo segundo os artigos 25 e 26 do Regulamento de Servicio das autoestradas A-55 e A-57) a través da Delegación da Xunta de Galicia nas sociedades concesionarias de autoestradas galegas de peaxe.

3.- Remisión ó Servicio Provincial de Estradas pola Delegación da Xunta de Galicia nas sociedades concesionarias de autoestradas galegas de peaxe do informe da sociedade concesionaria mais o informe de conformidade do Inspector de Explotación.

4.- O Servicio Provincial de Estradas procederá ó cobro das correspondentes taxas, a solicitude de depósito de fianza se é requerida e á emisión da **Resolución.**

Esta última recollerá os condicionantes que por parte da Administración se consideren oportunos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Dirección Xeral de Obras Públicas
Subdirección Xeral de Estradas


5.- Remisión polo Servicio Provincial de Estradas da Resolución a:

a.- Delegación da Xunta de Galicia nas sociedades concesionarias de autoestradas galegas de peaxe para a súa remisión á sociedade concesionaria que será a encargada da vixilancia do cumprimento da Resolución (artigo 25 do Regulamento de Servicio das autoestradas A-55 e A-57).

b.- Solicitante.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 1999

O SUBDIRECTOR XERAL DE ESTRADAS



Asdo: Gerardo Pallares Sánchez

CONFORME,
O DIRECTOR XERAL DE OBRAS PÚBLICAS



Asdo: Agustín Hernández Fernández de Rojas